

ACORDOS
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 23 DE SETEMBRO DE 2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 13.00 horas, do día vinte e tres de setembro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctal:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACION DA ACTA ANTERIOR.-
2. ESCRITOS VARIOS.-
3. ESCRITO DE M.V.C. SOLICITANDO ACOMETIDA AO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
4. DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL SOLICITADA POR DONA N.C.B. PARA EFECTUAR DIVISIÓN MATERIAL DE FINCA DO PLANO DE CATASTRO DE TORDOIA.-
5. DEVOLUCIÓN DE FIANZAS SOLICITADAS POR OBRAS Y VIALES DE GALICIA.-
6. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA Á LICITACIÓN DA OBRA SOBREANCHOS CAMIÑO DA BALSA · ABOI E OUTROS (CONVENIO 102/2015 DEPUTACION · CONCELLO ASINADO 04/05/2015.-)
7. FACTURAS E LIQUIDIACIÓNS PRESENTADAS PARA APROBACIÓN DO PADRÓN DE BENEFICIARIOS DO PAI.-

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-

2. ESCRITOS VARIOS.-

- a) De Centro de Formación Sogama, S.L., solicitando local para impartición de clases de informática en horario de tarde un día á semana.

Acordos adoptados:

Deixar pendente para estudio e ver si existe dispoñibilidade fóra do horario de actividades que realiza o Concello.

- b) Da organización Ayudale a caminar, solicitando colaboración para o desenvolvemento do programa de integración laboral para discapacitados.

Acordos adoptados:

Conceder unha axuda como en anos anteriores e que ascende a 50 euros.

- c) De XXXXXXXXXXXX, representante da Comisión de Festas de Tibiáns, solicitando axuda económica para a organización da Festa do Rosario 2015.

Acordos adoptados:

Conceder unha subvención de igual importe a exercicios anteriores.

- d) De XXXXXXXXXXXXXXX, traballador do concello, solicitando recoñecemento de períodos de traballo realizados para outras administración públicas, concello de Ribeira e A Baña, aos efectos de cómputo de antigüidade na Administración.

Acordos adoptados:

Recoñecemento dos períodos traballados para o cómputo e pago de antigüidade.

3. ESCRITO DE M.V.C. SOLICITANDO ACOMETIDA AO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar a acometida, poñendoo en coñecemento da empresa concesionaria do servizo e previa liquidación das correspondentes taxas municipais, conforme a ordenanza que regula o servizo.

4. DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL SOLICITADA POR DONA N.C.B. PARA EFECTUAR DIVISIÓN MATERIAL DE FINCA DO PLANO DE CATASTRO DE TORDOIA.

Acordos adoptados:

1. Declarar a innecesariedade de expedición de autorización da división da finca orixinaria polos motivos expostos.

5. DEVOLUCIÓN DE FIANZAS SOLICITADAS POR OBRAS Y VIALES DE GALICIA.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar a devolución das fianzas solicitadas por Obras e Viales de Galicia.

6. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA Á LICITACIÓN DA OBRA SOBREALCHOS CAMIÑO DA Balsa · ABOI E OUTROS (CONVENIO 102/2015 DEPUTACION · CONCELLO ASINADO 04/05/2015.-)

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos, atendendo aos informes anteriormente mencionado emitidos polo servizo técnico municipal, de conformidade coa maior puntuación obtida no mesmo.

SEGUNDO. Notificarlle e requirirle aos licitadores que presentaron as ofertas máis vantaxosas, para que presente no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas abrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acorde co artigo 64.2 do

Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

TERCEIRO. Despois de realizar os trámites anteriores, que Secretaría emita un informe para que poida resolver ao respecto a Alcaldía.

7. FACTURAS E LIQUIDIACIÓNS PRESENTADAS PARA APROBACIÓN DO PADRÓN DE BENEFICIARIOS DO PAI.-

Facturas:

NOMBRE TERCERO	LÍQUIDO	FACTURA
XEIRACONSULTORA S.COOP.GALEGA	8.485,75 €	F/2015/1264
MANUEL CASAL Balsa S.L.	11.800,00 €	F/2015/1265
AULOCE S.A.	3.159,67 €	F/2015/1250
SILVEIRA Y LISTE S.C.	1.224,08 €	F/2015/1407
TOTAL	24.669,50 €	

Liquidación beneficiarios PAI:

1.Prestar aprobación a súa conformidade nos propios termos da redacción presentada.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.